

A FLOR DO BURITÍ

João Salaviza, Renée Nader Messor, 2024

1421

ESTREA EN NUMAX: 09.12.2024 | V.O.S.E. | +12 | 123 min

A través dos ollos da súa filla, Patpro percorrerá tres períodos da historia do seu pobo indíxena, no corazón da selva brasileira. Perseguidos incansablemente, pero guiados polos seus ritos ancestrais, o seu amor pola natureza e a súa loita por preservar a súa liberdade, os Krahô non deixan de inventar novas formas de resistencia.

O pase estará acompañado polo posterior coloquio en liña coas directoras Renée Nader Messor e João Salaviza.

«Un filme feito con rigor, respecto e sensibilidade»

OTROS CINES



Protagonistas da súa propia historia

Por Elena Lazic

As historias sobre pobos indíxenas constitúen, posiblemente, a forma máis intensa de reflectir as reverberacións do pasado no presente. Aínda que as circunstancias das súas actuais vidas sexan, nalgúns aspectos clave, moi diferentes respecto á de épocas máis directamente asociadas á colonización, estas comunidades seguen tendo que loitar por sobrevivir, tanto literalmente como no sentido máis figurado de manter viva a súa identidade única, resistíndose a ser absorbidas polo mundo occidental globalizado. Con *A flor do Burití*, o dúo de cineastas João Salaviza e Renée Nader Messori elaborou unha película na que se mesturan ficción e documental, cuxa motivación reside na necesidade de dar conta tanto dos feitos materiais da vida na comunidade indíxena dos Krahô de Brasil, como da influencia que exercen sobre eles os recordos, as historias e as perspectivas.

Rodada en colaboración cos habitantes da área poboada pola comunidade indíxena dos Krahô, a película —estreada na sección Un Certain Regard do Festival de Cannes deste ano— conta cuns cantos personaxes centrais interpretados por membros da comunidade sen ningunha relación co mundo da interpretación. Con todo, esta confluencia de ficción e documental non esconde ningunha intención oculta, xa que, a diferenza doutras películas híbridas deste tipo, os cineastas non teñen ningún tipo de interese en captar a calidade interpretativa da existencia. Pola contra, este estilo permite á película desprenderse da mirada allea (que se marabillaríá do "exóticos" ou, pola contra, familiares que parecen certos aspectos desta comunidade aos ollos occidentais), para centrarse máis ben no que realmente importa: a forma en que a xente da comunidade se percibe a si mesma e aos seus inimigos, tanto actualmente como ao longo da historia.

Con todo, os directores desvelan este punto de vista de maneira progresiva, como para suxerir que pode resultar difícil para as persoas que foron maltratadas durante moitos anos chegar a verse a si mesmas como protagonistas da súa historia, ter a súa propia perspectiva e constituír unha parte activa da historia. Gran parte da película trata das aventuras paralelas dunha nai e a súa filla, que co tempo chegan a comprender elementos de natureza lixeiramente diferentes, pero igualmente importantes e intimamente relacionados. A nai está cada vez máis convencida, a pesar da visible falta de entusiasmo nos rostros doutras persoas do pobo, de que alguén debería representar á súa comunidade nunha gran conferencia en Brasíliá sobre os dereitos das comunidades indíxenas do país. O lánguido ritmo da película mostra como a súa conciencia madura e crece de forma totalmente entrelazada coas súas tarefas cotiás, pola sinxela razón de que a comunidade e a identidade dos Krahô son vítimas dunha constante ameaza en todas as súas vertentes. Cada vez hai máis xente que rouba ilegalmente animais pouco comúns da zona co fin de vendelos na cidade, o cal obriga aos aldeáns a vixiar día e noite. Xa ninguén vai espido ás cerimoniais tradicionais — aínda que a maquillaxe e os cánticos seguen sendo tradicionais, todo o mundo leva pantalóns—. A nai queixase a unha amiga da cidade, á que só ve de cando en vez, de que a súa filla lle pediu durmir nun colchón, algo sinxelamente inaudito. No transfondo de toda a película suxírense constantes ameazas sobre a terra, con promotores que pretenden arrebatarlle ás familias que viviron nela durante centos de anos.

A duración e a paciencia que caracterizan á película permiten imprimir e reflexionar sobre todas estas formas, tanto grandes como pequenas, en que os Krahô se ven empurrados a asimilar algo que non desexan. As impresionantes imaxes de Nader Messori captan a beleza do bosque, as súas múltiples cores e texturas, o seu ritmo lento e a súa calidez, pero a forza da película é tal que ao final resulta imposible non contemplar este fermoso lugar sen sentir unha verdadeira sensación de urxencia e alarma.